

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 31 DE MAIO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** (en 2ª convocatoria) do día **TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES: 18 DE MAIO DE 2012**
- 2.- FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL**
 - Concurrencia non competitiva
 - Concurrencia competitiva.
- 3.- SUBVENCIÓN AGADER**
- 4.- PLAN CONCERTADO**
- 5.- ALTAS ESPINA Y DELFÍN**
- 6.- LICENCIAS URBANÍSTICAS SEGÚN LISTADO ADJUNTO**

1º.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES: 18 DE MAIO DE 2012.-

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 18 de maio de 2012.

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 18 de maio de 2012.

2º.- FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL

- **Concurrencia non competitiva**
- **Concurrencia competitiva.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández, de solicitude de subvención a Consellería de Presidencia, ao abeiro da Orde de 4 de maio de 2012 pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvención de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña en concurrencia non competitiva e da liña en concurrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental, (publicada no Diario Oficial de Galicia nº 87, de data 08 de maio de 2012).

A Xunta de Goberno Local **acorda**:

1º.- Solicitar subvención pola cantidade de 40.198,49 Euros (Ive incluído) para adquisición dun **vehículo furgoneta de caixa aberta basculante** (cuias características se acompañan) o abeiro da **liña en concurrencia non competitiva** recollida na Orde de referencia.

Características:

- A) **Modelo**: 513 cdi ch.cabi (M-B sprinter) ou similar.
- B) **Combustible**: Diesel
- C) **Pintura**: Blanco ártico, sen rotulación.
- D) **Potencia Din (CV-rpm)**: Mínima de 129 CV
- E) **Peso total**: Ata 5000 Kg.
- F) **Tipo Tracción**: 4x2
- G) **Roda de reposto**: Das mesmas características cas do vehículo.

2º.- Solicitar subvención pola cantidade de 29.634,44 € para a execución do proxecto denominado “Traída de Augas San Tirso, Quintela, Andamollo e Vilaverde” (cun orzamento total de 37.043,30 € (Ive incluído), o abeiro da **liña en concurrencia competitiva** recollida na Orde de referencia, segundo proxecto que se acompaña. ((Consta Memoria Valorada redactada polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil cun orzamento de 37.043,30 €, Ive



do Concello, Lino Manuel Doporto Framil cun orzamento de 37.043,30 €, Ive incluído), de data 15 de maio de 2012).

3º.- Acepta-las condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 4 de maio de 2012, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvención de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña en concurrencia non competitiva e da liña en concurrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 87, de data 08 de maio de 2012.

3º.- SUBVENCIÓN AGADER

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Detectado erro no IVE do proxecto denominado “Casa de Cultura de Bandeira “Vista Alegre””, Proxecto: “Reforma y Ampliación de la Casa de Cultura de Bandeira (3ª Fase)”, sita na rúa Xeral, s/n - A Bandeira - Silleda (Pontevedra), sendo o promotor o Concello de Silleda, referencia 12.001-Sg e data maio de 2012, cun orzamento xeral (total por contrata) de 173.999,98 € (incluído IVE 16%), o cal foi aprobado por esta Xunta de Goberno Local na súa sesión do 28 de maio de 2012.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Que se corrixa o porcentaxe do IVE, quedado o mesmo nun 18%, polo que o presuposto xeral (Ive 18% incluído) ascende a cantidade de 176.999,98 €; así como aprobar o proxecto denominado “Casa de Cultura de Bandeira “Vista Alegre””, Proxecto: “Reforma y Ampliación de la Casa de Cultura de Bandeira (3ª Fase)”, sita na rúa Xeral, s/n - A Bandeira - Silleda (Pontevedra), sendo o promotor o Concello de Silleda, referencia 12.001-Sg e data maio de 2012, cun orzamento xeral (total por contrata) de 176.999,98 € (incluído IVE 18%) e engadir esta aprobación (coa corrección efectuada no IVE) á solicitude de subvención aprobada por esta Xunta de Goberno Local na sesión de data 28 de maio de 2012, o abeiro da Resolución do 9 de abril de 2012, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos polos concellos e mancomunidades de concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o período 2012-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 77 do 23 de abril de 2012 (“32110 Servizos

básicos para a economía e a poboación rural”).

4º.- PLAN CONCERTADO

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto a proposta da Alcaldía en relación a solicitude de subvención para o cofinanciamento das servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A Xunta de Goberno Local **acorda**:

Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento das servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.


Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 139.525,30 euros, co seguinte detalle:

- Persoal: 49.561,30 euros.
- Mantemento: 7.320,00 euros.
- Axuda no fogar:
 - Modalidade de prestación básica do PLen Concertado: 0,00 €
 - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 82.644,00 €
- Xestión de programa: 0,00 €

Faise declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.

Que se adopta o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2012 na contía de 96.229,37 euros, que supón unha porcentaxe do 41,00% (aproximación de 40,82%) sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º.- ALTAS ESPINA Y DELFÍN



Dase conta do escrito remitido por Espina & Delfin S.L. de data 02 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada nº 1105, de data 08 de marzo de 2012), remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento** para súa aprobación correspondentes ós meses de marzo e abril de 2012 (Asunto: Listado Nº 3 e 4) e que se relacionan a continuación:

Listado Nº 3) Mes de marzo 2012

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Iglesias Sanda Josefa	Rúa Xeral, 51-4B - Bandeira
Mouriño Souto Félix Gonzalo	Rúa Santa Eulalia, 9-1D - Silleda
De la Torre Roca José Luis	Políg. Área 33, Parcela 19 - Silleda
López García José Manuel	Lg. Letros, 4 baixo - Bandeira
Valladares Fernández José	Lg. Aldea Grande, 19 baixo - Saidres
Arias Fernández Víctor	Lg. Aldea Grande, 17 baixo - Saidres

Listado Nº 4) Mes de abril 2012

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Const. Cuiña 2005 S.L.	Rúa República Arxentina, 5-1A - Silleda
Valladares Cortizo David A	Lg Carracido, 6 baixo - Saidres
Suárez Mato M Aurora	Lg Aldea Grande, 2 baixo - Saidres
Mato del Río Julio José	Rúa Trasdeza, 14 baixo - Silleda
Salgueiro Costoyas Alicia	Lg Pedralaxe, 2 baixo - Saidres
Rodríguez Espiño Antonio	Rúa Xeral, 53-2F - Bandeira
Val Rodríguez S.C.	Rúa Xera, 51 baixo - Bandeira
Promoval S.L.	Rúa Emilio Alonso Paz, 8-2A - Silleda
Promoval S.L.	Rúa Emilio Alonso Paz, 6-2C - Silleda
Promoval S.L.	Rúa Emilio Alonso Paz, 2-2C - Silleda
López Diéguez América Olga	Lg Barral, 14 baixo - Cortegada
Cabaleiro Barciela Sabino	Lg Caxebe 10 baixo - Saidres

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Fogar San Miguel Ponte S.L.	Lg Rosende, 24 baixo - Ponte
Romero Orrea Raquel	Lg aldea Grande, 3 baixo - Saidres
Rozados Presas Antonio	Lg Camporrapado 3 baixo - Cortegada
Fernández Vales Luis	Lg Caxeaba s/n - Saidres
Iglesias Rey Esther	Lg Barral, 5 baixo - Cortegada
Fuentes Rodríguez Alejandra	Rúa Xeral, 51 ático B - Bandeira
Fernández Raña María Teresa	Rúa Xeral, 51 ático D - Bandeira
García Ramos Luis	Rúa Xeral, 51 ático A - Bandeira
Ferro Fernández Mario	Rúa Xeral, 53-2G - Bandeira

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación ós listados anteriormente mencionados, salvo os seguintes, que non se aproban por non ter presentado o recibo do lixo:


Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Val Rodríguez S.C.	Rúa Xera, 51 baixo - Bandeira
Promoval S.L.	Rúa Emilio Alonso Paz, 8-2A - Silleda

6º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS SEGÚN LISTADO ADJUNTO

6.1.- Licencia de obra e provisional de actividade de Distribuidora Internacional de Alimentación, S.L.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de D^a María Jesús García Suárez, en representación de DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A., mediante escrito de data 28 de febreiro de 2012 (Rexistro de Entrada nº 887 de data 28.02.12), solicitando Licencia de obra e provisional de actividade para acondicionamento para supermercado de alimentación, a situar na rúa Venezuela, nº




18 (Silleda), segundo proxecto de data febreiro de 2012, do Enxeñeiro Industrial Dº Arturo A. Carrasco Iturra, visado polo Colexio Oficial en data 15 de febreiro de 2012, nº CO12R009

RESULTANDO: Que con data 06 de marzo de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 06 de marzo de 2012.

RESULTANDO: Que con data 06 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>María Jesús García Suárez, en representación de Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A.</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>28/2/2012</i>	<i>Nº 887</i>	<i>Data escrito 28/2/2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento para supermercado de alimentación</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>r/ Venezuela, nº 18, Silleda</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>2080038NH6228S0006ZQ</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Arturo A. Carrasco Iturra, Enxeñeiro Industrial, col. 2510</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o día 15/02/2012, nº CO12R009</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>n/d</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	<i>Si</i>	
	<i>DOGA</i>	<i>Si</i>	
	<i>Prensa</i>	<i>Non</i>	



NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

- 1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
- 1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
- 1.15.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
- 1.15.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
- 1.15.11 *E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.12 *E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O día 28 de febreiro de 2012 dona Maria Jesús García Suárez, en representación de Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A., presenta solicitude de licenza de obra e provisional de actividade para supermercado de alimentación en r/ Venezuela, nº 18, Silleda. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por D. Arturo Alejandro Carrasco Insua, visado polo Colexio Oficial correspondente o día 15/02/2012, cò nº CO 12R009.

INFORME TÉCNICO:

2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano. Ordenanza: E.C. Ediciación Cerrada.

3. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

*4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:
"En la presente documentación se describen las instalaciones generales de un supermercado".*

5. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como comercial: "ART. 118.- DEFINICION: 1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluído el almacenamiento de las mismas (...). O ART. 119.- CLASIFICACIÓN, define este uso solicitado no grao 3º: "3º.- Locales comerciales en semisótanos, planta baja y/o primera". O artigo 18 do PXOM establece como uso admitido para este ámbito o "Comercial: Todos los grados". Por tanto, este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo.

6. Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, figuran no Anexo III, "Actividades excluidas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental" no punto 3 e 3.1 que se transcriben: "Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos,

sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 KW e a súa superficie non supere os 400 m²: (...) 3.1 Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados”.

6.1 Neste caso, visto o proxecto técnico, na páxina 4 da memoria, indicase que a potencia que se instalará será de 121,5 KW. No páxina 41 do mesmo documento, discrimínase en: Alumbrado: 14725 W,, Forza 148.300 W e Potencia Máxima Admisible, 138.560 W

6.2 Por outra banda, a superficie do local comercial sinalado en planos é de 603,2 m² (Plano nº3 “Instalaciones proyectadas: Acotaciones y superficies”, das que a zona de vendas representa 450 m².

6.3 Por todo elo, o técnico que suscribe considera que este proxecto debería estar sometido ao Procedemento de Avaliación Ambiental.

7. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

8. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento dos traballos declarados polo solicitante.

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse dar traslado, previos os trámites oportunos, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licencia municipal:

10.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

Polo que o técnico que suscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.

Porén, non poderán iniciarse as obras en tanto non sexa aportado neste Concello o Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Dirección Técnica de Obra, asinado por técnico competente e visado, se procede. ”

RESULTANDO: Que, consta escrito de data 14 de maio de 2012, (Rexistro





de Saida na Xunta de Galicia nº 78557, de data 23 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada no Concello nº 2823, de data 28 de maio de 2012), da Xefatura Territorial - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, asinado polo Xefe Territorial, que literalmente di:

“Asunto: dictame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

ANTECEDENTES

Con data de 9 de abril de 2012 (IA/57/2012), recíbese do concello de Silleda solicitude de emisión do dictame de incidencia ambiental para a actividade de supermercado de alimentación solicitada por Distribuidora Internacional de alimentación, S,A


O decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto, e que tamén estarán sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non contempladas en dito anexo que merezan aconsideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarse acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II do Decreto.

A actividade obxecto do informe está incluída no anexo II do decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

INFORME TÉCNICO

Da análise da documentación presentada, proxecto visado e anexos, e da información dispoñible, e baseándose no artigo 11 do mencionado Decreto 133/2008, este servizo de calidade e avaliación ambiental no ámbito da súas competencias e só a efectos ambientais sen prexuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu outorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas informa:

a/ descrición da instalación: venda ao detalle de produtos alimenticios, e complementarios para a hixiene persoal e limpeza do fogar en réxime de autoservizo ou supermercado.



A actividade desenvolverase no interior dun local e contará coas seguintes zonas diferenciadas: almacén, zona de traballo (vestiarios e servizo do persoal, instalacións de maquinaria e compartimentos de traballo) e zona de vendas (mural de postres e iogures, murais de charcutería murais de polo e carnes, illas para produtos conxelados e punto quente para a elaboración de pan).

Procesos e equipos principais: o supermercado terá diversas seccións, clasificadas por familias de artigos perecedeiros ou estables, aseos e vestiarios e sala de máquinas.

Materias primas utilizadas: ao tratarse dun supermercado non hai procesos produtivos.

Consumos de auga e recursos enerxéticos: según o proxecto.

b/ vertidos e emisións

Emisións á atmosfera: a nave disporá de ventilación forzada de acordo co proxecto presentado. A saída de fumes correspondente ao vapor producido polo fomo (fomo de convección eléctrica) do punto quente, discorrerá ata o cumio do edificio por medio dun tubo de aceiro independente.

Augas residuais das instalacións: tódalas augas residuais rematarán na rede de sumidoiros.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión


Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Almacenamento dos residuos en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente.

d/ valores límite de emisión

valores límite do vertido: según proxecto

e/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións e vertidos e frecuencia das medicións

Calquera incidencia comunicaráse no momento de producirse, aos organismos





competentes.

f/ medidas correctoras

Previa á concesión da lize a de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirá a lexislación ambiental e sectorial aplicable, a normativa de seguridade, a relativa ás medidas de autoprotección e saúde, e a normativa vixente en materia de contaminación acústica.

*O Xefe do servizo de calidade e avaliación ambiental
José Luis Rodríguez Fernández*


DICTAME AMBIENTAL

Á vista do exposto e unha vez completado o procedemento administrativo previsto nos artigos 10 e 11 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e Territorio de Pontevedra emite o dictame de incidencia ambiental nos termos que se recollen no informe técnico elaborado polo servizo de calidade e avaliación ambiental de Pontevedra e relatado anteriormente."

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza.

6.2.- AUTOMOCIÓN SAN MARCOS, S.L. Demolición de Nave. Licenza de Obra.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 29 de maio de 2012, e o informe xurídico da mesma data de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, favorable de conformidade co citado informe técnico, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes:**



1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia de obra que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Miguel Villar Costoyas, en representación de AUTOMOCIÓNES SAN MARCOS, S.L.
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Demolición de nave
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Estrada de Cervaña a Moalde, s/n (Finca nº 859 da Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: Alejandro Trigo Castro. Arquitecto.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 33.878,94 €.
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe favorable do arquitecto técnico municipal, de data 29 de maio de 2012 que se transcribe:

“

Solicitante	Miguel Villar Costoyas, en representación de AUTOMOCIÓNES SAN MARCOS, S.L.		
Data da rexistro	23/05/2012	Nº 2727	Data escrito 23/05/2012
Obra	Demolición de nave		
Tipo de obra	Mayor		
Emprazamento	Ctra. de Cervaña a Moalde, s/n Finca nº 859 da Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro		
Referencia Catastral	36052D508008590000XL		
Autor do Proxecto	Alejandro Trigo Castro, colexiado 3450 COAG		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial		
Dirección de Obra	Alejandro Trigo Castro, colexiado 3450 COAG		
Oficio de Dirección	Visado polo Colexio Oficial		
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución	n/d		



Exposición pública	BOP
	DOGA
	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	33.878,94 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.16 Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. O 23 de maio de 2012, D. Miguel Villar Costoyras presenta no Rexistro de Entrada do Concello de Silleda solicitude de licenza de demolición de nave industrial situada en Lamela, Silleda, asinada o día 23 de maio de 2012 e con R.E. 2727 de 23/05/2012, Aporta dúas copias de proxecto de demolición asinado por Alejandro Trigo Castro, Arquitecto Colexiado 3450, e visadas polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22/05/2012, nº 1206326.1.

*2. Figura no expediente copia do auto ditado polo Xulgado do Penal nº 3 de Pontevedra o día 14 de marzo de 2012, relativo ao procedemento abreviado 0000049/ 2011, contra Miguel Villar Costoyas e Antonio Villar Costoyas, no que literalmente se expresa: "REQUIERASE a los penados Miguel villar Costoyas y Antonio Villar Costoyas para que en el plazo de **3 meses procedan a la demolición de las dos naves**, objeto del litigio construídas en el lugar denominado "As Muradas" en Lamela carretera Cervaña a Moalde, del término municipal de Silleda, apercibíéndoles que en caso de no verificarlo se ejecutará lo acordado a su costa."*

INFORMETÉCNICO:

*3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.*

4. O proxecto conta con estudo básico de seguridade e saúde asinado polo arquitecto redactor do proxecto,

5. O proxecto conta con Estudo de Xestión de Resíduos, asinado polo arquitecto redactor do proxecto.

6. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.



7. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a non son precisas autorizacións sectoriais ou autonómicas.*

8. Canto á documentación presentada, na memoria defínense a demolición da integridade do edificio obxecto desta sentenza, segundo se aprecia na memoria no apartado 1.6 "Sistema de demolición, métodos de traballo y medios a empregar" no que se describe a demolición das distintas partes que conforman o edificio ata a súa cimentación. No orzamento inclúese unha partida denominada "Demolición completa de edificio".

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado está completo e dá cumprimento ao indicado na sentenza, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de demolición.

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 2727/12.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 762,28 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local ~~acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que~~ declaran urxentes:

1.- Servizo de Axuda no Fogar. Dº José Fernández Pena.

Dase conta da solicitude de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 31 de maio de 2012, de aprobación da baixa no SAF no programa de libre concurrencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
José Fernández Pena	Ansemil, 22	Alta no Programa de Dependencia

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación desta baixa.

2.- Aprobación da Alta no SAF no correspondente Programa de atención á Dependencia. Dº José Fernández Pena.


Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 31 de maio de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
José Fernández Pena	Ansemil, 22

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de José Fernández Pena nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 31 de maio de 2012.

3.- Aprobación da Alta no SAF no correspondente Programa de atención á Dependencia. Dª Carmen Salgueiro Míguez.

Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 31 de maio de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:



Nome a Apelido	Enderezo
Carmen Salgueiro Míguez	Lg. Castro Castriño, 4 - Piñeiro

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Carmen Salgueiro Míguez nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 31 de maio de 2012.

4.- Escrito da Secretaría Xeral de Cultura - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Visto que polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do escrito remitido polo Secretaría Xeral de Cultura - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 23 de maio de 2012, asinado polo funcionario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Secretario da Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artísticos e Documental da Igrexa Católica en Galicia (rexistro de saída da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2012, nº 12292 e rexistro de entrada nº 2885 de data 29 de maio de 2012), dando traslado da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza a realización de obras de mantemento dos Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, no concello de Silleda (Nº exp 2012/168), e que literalmente dí:

"En cumprimento, e aos efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (parcialmente modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).

NOTIFÍCOLLE que con data 22 de maio de 2012 o Director Xeral de Patrimonio Cultural dictou resolución que no seu teor literal di:

**"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO
DO MOSTEIRO DE SAN LORENZO DE CARBOEIRO, NO CONCELLO DE
SILLEDA.**

ANTECEDENTES

1 O Concello de Silleda solicitou autorización para a realización de obras de

mantemento no Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, situado no dito concello.

- 2 *Presentan un documento no que describen as seguintes intervencións:*
- *Eliminación de lameiro con recheo de xabre e mellora do percorrido das augas.*
 - *Fixar tellas movidas con espuma de poliuretano e gancho.*
 - *Reparar vidros de carpinterías.*
 - *Executar un pasal para a auga nas xuntas de fábrica para evacuación en portas e fiestras.*
 - *Retirada puntual de vexetación en xuntas sen instalación de medios auxiliares, só aló onde sexa factible, por medios manuais.*
 - *Instalación de grupo electrógeno provisional con cubrición de tella.*
 - *Substitución de entaboados podre nos pisos.*
 - *Cortar os pés das hedras para deixar que sequen.*
- 3 *A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 10 de maio de 2012, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar favorablemente a solicitude de referencia.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS


- 1 *Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.*
- 2 *Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español*
- 3 *Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.*
- 4 *A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

RESOLVO

Autorizar as obras de mantemento solicitadas.

Deberán contar coa autorización por escrito do Bispo de Lugo para todas as obras que afecten a elementos propiedade da igrexa católica de Galicia.





Esta resolución dítase sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010 de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Notifíquese esta resolución aos interesados no procedemento, en cumprimento, e para os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.

*Santiago de Compostela, 23 de maio de 2012 O funcionario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Secretario da Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia.
Fernando Pérez-Gorostiaga Silva”.*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.


5º.- Grupo Municipal de Intervención Rápida 2012 (GRUMIR).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández, sobre baremo de puntuación para a selección do persoal do Grupo Municipal de Intervención Rápida ano 2012.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte baremo de puntuación para a selección do persoal do Grupo Municipal de Intervención Rápida ano 2012 :

- Persoal:	12 persoas emerxencias
- Carné C:	10 puntos
- Carné BTP:	10 puntos
- Experiencia lume:	10 puntos.



- Experiencia desbroces: 7 puntos.
- Experiencia construcción/xardinería 5 puntos.
- Cursos relacionados: 1 pto por curso ata un máx de 10 puntos.
- Cargas familiares: 3 ptos por fillo/a. Máx. 10 puntos.
- Antigüedade no desemprego: 3 ptos. por cada 6 meses. Máx. 10 puntos

Criterio Xeral:

- 1º.- Estar inscrito na Bolsa de Emprego Municipal.
- 2º.- Ter entre 21 a 60 anos.
- 3º.- Ser demandante de emprego en oficios relacionados co posto.

Criterios a valorar para o desempate:

- 1º.- Experiencia en extinción de lumes, desbroces, etc.
- 2º.- Formación.
- 3º.- Cargas familiares.
- 4º.- Antigüedade no desemprego.

6.- Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de data 22 de maio de 2012. Autorización de contratación laboral de José Iglesias Ares (en sustitución de Rodrigo Fernández Rozados).

Dase conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, de data 22 de maio de 2012, asinado polo Secretario (rexistro de saída da Deputación Provincial do 28 de maio de 2012, nº 006473 e rexistro de entrada nº 2931 de data 30 de maio de 2012), dando traslado da resolución presidencial que literalmente dí:

"La Presidencia, en uso de las facultades que le confiere la normativa local vigente, dicto la siguiente Resolución:

"Mediante Resolución Presidencial de fecha 16 de abril de 2012 se ha autorizado la contratación laboral por obra o servicio determinado a tiempo parcial con jornada ordinaria de trabajo de 25 horas a la semana de D. RODRIGO FERNÁNDEZ ROZADOS, con la categoría profesional de operario de servicios para el Ayuntamiento de Silleda con cargo al "Plan de Empleo 2012" promovido por este Organismo Provincial, con efectos del 16 de abril al 15 de octubre de 2012.

Con fecha 30 de abril del actual se dio por extinguida la relación contractual y laboral del mencionado trabajador, por no superar el periodo de prueba previsto en la cláusula tercera del contrato individual de trabajo.



De acordo con las condiciones previstas en el "Plan de Empleo 2012", la Diputación Provincial financia el 100 por 100 del coste salarial total de nueve operarios de servicios a contratar para cada Ayuntamiento de la Provincia, incluida la cuota empresarial a la Seguridad Social y con cargo al crédito previsto en las aplicaciones correspondientes, debiendo el Ayuntamiento proporcionar los medios materiales y ropa de trabajo que resulte necesaria. Asimismo, no se abonarán gratificaciones por trabajos realizados en sábados, domingos o festivos ni fuera de la jornada laboral, pudiendo en tales casos, el Ayuntamiento establecer compensaciones de carácter no económico.

Por lo expuesto, en virtud de las facultades que me confiere el artículo 61.12 e) del Real Decreto 2568/86 de 28 de noviembre, artículo 105 de la Ley 5/97, de 22 de julio de Administración Local de Galicia, al amparo de lo establecido en el artículo 2 del real decreto 2720/98, de 18 de diciembre, HE RESUELTO autorizar la contratación laboral temporal por obra o servicio determinado a tiempo parcial con jornada ordinaria de trabajo de 25 horas semanales de D. JOSE IGLESIAS ARES, con la categoría profesional de operario de servicios para el Ayuntamiento de SILLEDA, con efectos 1 de junio de 2012 y hasta el 15 de octubre de 2012, en sustitución de D. Rodrigo Fernández Rozados.

La selección de este trabajador se ha efectuado entre los candidatos propuestos por el Servicio Público de Empleo de Pontevedra para la oferta 12-2012-3226".

Lo que le comunico para su conocimiento, cumplimiento y demás efectos.

Pontevedra 22 de mayo de 2012

EL SECRETARIO"


A Xunta de Goberno Local queda enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 31 de maio de 2012.



Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A Secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

